

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,35 horas do día 22 de setembro de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

D^a. PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

Non asisten: D. XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Secretario: D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2014.

1º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE 2014.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 17 de setembro de 2015, que transcrita di:

“Logo de comprobar a Conta Xeral do exercicio 2014 formada pola intervención dese concello.

Logo de comprobar os artigos 208 e 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

Segundo determina o artigo 209 do texto refundido da Lei de Facendas Locais, a Conta Xeral está integrada por:

- As Contas Anuais do Concello.

- Actas de arqueo de existencias en caixa.
- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes.
- Informe de Intervención sobre a Conta Xeral.

De conformidade co establecido no artigo 212 do TRLHL, a conta xeral foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 13 de agosto de 2015 e sometida a exposición pública mediante anuncio publicado no BOP (núm. 155 de 17.08.2015) por un prazo de 15 días hábiles e 8 máis sen que se presentasen reclamacións ou alegacións.

Por todo o exposto e de acordo co establecido nos artigos 200 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, é polo que se propón ao Pleno o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Ditaminar favorablemente a Conta Xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico de 2014, que segundo determina o artigo 209 do RD Lexislativo 2/2004, está integrada por:

A) Balance.

B) A conta do resultado económico patrimonial.

C) O estado de liquidación do Orzamento.

D) Acta de arqueo (certificados bancarios de saldo a 31.12.2014).

E) A Memoria e os seus Anexos:

1. Organización.
2. Xestión indirecta dos servizos públicos.
3. Bases de presentación das contas.
4. Normas de valoración.
5. Inversións destinadas ao uso xeral.
6. Inmobilizacións inmateriais.
7. Inmobilizacións materiais.
8. Inversións xestionadas.
9. Patrimonio público do solo.
10. Inversións financeiras.
11. Existencias.
12. Tesouraría.
13. Fondos propios.
14. Información sobre o endebedamento.
15. Información das operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos.
16. Información das operacións non orzamentarias de tesouraría.
17. Ingresos e gastos.
18. Información sobre valores recibidos en depósito.
19. Cadro de financiación.
20. Información orzamentaria.

Os anexos ás contas anuais comprenden:

1. Balance de comprobación (A010).

2. Estado de modificación de créditos. Resumen por grupo de programa e artigo.
3. Estado de modificacións de créditos. Resumen por políticas de gasto.
4. Estado de modificacións de créditos. Resumen por áreas de gasto.
5. Estado de modificacións de créditos. Resumen xeral por áreas de gasto.
6. Estado de modificacións de créditos. Resumen por capítulos.
7. Estado de modificacións de créditos. Resumen por xeral por capítulos.
8. Estado de modificacións de créditos. Detalle por partidas.
9. Estado de remanentes de créditos.
10. Gastos con financiamento afectado. Execución de proxectos de gasto.
11. Gastos con financiamento afectado. Desviación de financiamento
12. Gastos con financiamento afectado. Información de cada unidade de gasto.
13. Estado de remanente de tesouraría.
14. Operacións non orzamentarias de tesouraría. Debedores.
15. Operacións non orzamentarias de tesouraría. Acredores.
16. Operacións non orzamentarias de tesouraría. Partidas pendentes de aplicación. Ingresos.
17. Operacións non orzamentarias de tesouraría. Partidas pendentes de aplicación. Gastos.
18. Movements internos de tesouraría.
19. Estado dos avais concedidos.
20. Estado dos valores en depósito.
21. Indicadores de contabilidade.

F) Informe de Intervención sobre a Conta Xeral.

SEGUNDO: Render ao Tribunal de Contas a Conta Xeral do exercicio 2014 debidamente aprobada de acordo co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde,

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.